

↑ Pobres criaturas (Vogos Lanthimos) ESTREIA 2 DE FEVEREIRO

NUMAX PRESENTA:



74 | FEVEREIRO 2024



Librería

Un mes fantástico

Para acompañar a estrea de *Pobres criaturas* de Yorgos Lanthimos traemos este mes un pequeno itinerario de obras de literatura fantástica, clásicos da ciencia ficción e tamén outras que falan sobre cine de terror. Velaquí unha escolla de libros para un mes fantástico!




Pobres criaturas
Alasdair Gray
LIBROS WALDEN | 17€




Un viaje por el cine fantástico y de terror VOL. 1
VV.AA.
APPLEHEAD | 36,95




Conejo maldito
Bora Chung
ALPHA DECAY
| 19,90€



Frankenstein ou o Prometeo moderno
Mary Shelley
AIRA | 17€



Monster Show
David J. Skal
ES POP EDICIONES
| 30€



El cielo de la selva
Elaine Vilar Madruga
LAVA | 20,90€



Gastrulación
Pablo Pesado
BOADICERA | 14€



Tierra fresca de su tumba
Giovanna Rivero
CANDAYA | 16€



El desierto blanco
Luis López Carrasco
ANAGRAMA | 17,90€



Mujer al borde del tiempo
Marge Piercy
CONSONNI | 23,50€



Presentacións Febreiro 2023

VENRES 2 ÁS 20H00

Presentación do poemario
A cousa eterna (Apiario) con **Celso
Fernández Sanmartín** recitando textos
acompañado de **Benxamín Otero**
e a editora e poeta **Antía Otero**.

MARTES 6 ÁS 20H00

Presentación do libro *Un viaxe por el cine
fantástico y de terror vol. 1: Del príncipe
de las tinieblas a la odisea del comandante
Bowman* (Applehead Team) cos coautores
Javier Trigales e **David Salgado**.

MÉRCORES 7 ÁS 20H30

Presentación do poemario *Sonora*
(Xerais) de **Chus Pato** acompañada
das poetas **Alba Cid** e **Antón Castro**.



XOVES 15 ÁS 20H30

Presentación de *Claustro Corda
Comensal* (Galaxia) de **Samuel
Merino** acompañado pola
poeta **Arancha Nogueira**.



MÉRCORES 28 ÁS 20H30

Presentación de *Las hijas horribles*
(Libros de KO) de **Blanca Lacasa**
acompañada pola docente
e investigadora **Marta Pérez Pereiro**.



Cinema

**Filme
do mes:**



SEGREDOS DUN ESCÁNDALO ESTREA 23 FEB

Todd Haynes, 113', ING, VOSE

Con Natalie Portman, Julianne Moore

Vinte anos despois de que o mediático romance entre Gracie Atherton-Yu e o seu marido mozo Joe escandalizara o país, cos seus fillos a piques de graduarse, vai-se rodar un filme sobre a súa historia. A actriz Elizabeth Berry vai pasar un tempo coa familia para tentar entender mellor a Gracie, á que vai interpretar, provocando que a dinámica familiar se esfarele baixo a presión da mirada exterior.

O gran Todd Haynes (Carol, Safe) volve á primeira liña cunha “turbadora parábola sobre as pegadas do maltrato infantil e a cruel mentira do amor romántico” (Luis Martínez).

**🏆 4 nominacións Globos de Ouro 2023
Sección Oficial Cannes 2023**



Estreas



 **Pobres criaturas,**
Alasdair Gray

 **Especialmente**
recomendado
para o fomento da
igualdade de xénero
(ICAA)

POBRES CRIATURAS ESTREA 2 FEB

Yorgos Lanthimos, 141', ING, VOSE, +16

Con Emma Stone, Mark Ruffalo

Bella Baxter é unha moza revivida polo brillante científico Godwin Baxter que está ansiosa por ver mundo. Foxe cun sofisticado e perverso avogado nunha vertixinosa aventura a través dos continentes. Libre dos prexuízos da súa época Bella vólvese unha firme defensora da igualdade e a liberación.

 **León de Ouro a Mellor Filme Venecia 2023**
11 Nominacións aos Oscar 2024

SALA DE PROFESORES ESTREA 2 FEB

Ilker Çatak, 96', DE, VOSE, +7

Con Leonie Benesch, Eva Löbau

Unha idealista profesora de matemáticas e deportes comeza o seu primeiro traballo nunha escola de secundaria. Cando se producen unha serie de roubos e se sospeita dun dos seus alumnos, decide chegar ao fondo do asunto pola súa conta.

 **Nomeado a Mellor Filme**
Internacional Oscar 2024

A TERRA PROMETIDA ESTREA 2 FEB

Nikolaj Arcel, 127', DA, VOSE, +16

Con Mads Mikkelsen, Amanda Collin

En 1755, o empobrecido capitán Ludvig Kahlen dispónse a conquistar os duros e inhóspitos páramos daneses cun obxectivo aparentemente imposible: crear unha colonia no nome do rei. A cambio, recibirá un nome real que anhela con desesperación.

 **Sección Oficial Venecia 2023**


NO ADAMANT ESTREA 9 FEB

Nicolas Philibert, 109', FR, VOSE

O Adamant é un centro único. Unha estrutura flotante ubicada no Sena, acolle adultos que padecen trastornos mentais, ofrecéndolles o tipo de atención que os ancora no tempo e o espazo e os axuda a se recuperar ou manter o ánimo. O equipo que o dirixe tenta resistir o mellor que pode ao deterioro e a deshumanización da psiquiatría.

 **Oso de Ouro a mellor filme Berlinale 2023**





PRISCILLA

ESTREA 14 FEB

Sofia Coppola, 110', ING, VOSE

Con Cailee Spaeny, Jacob Elordi

Cando a adolescente Priscilla Beaulieu coñece a Elvis Presley nunha festa, el xa é unha meteórica supe-restrela do rock'n'roll. Na esfera privada convértese nalgúen totalmente inesperado: un aliado na soidade, un vulnerable mellor amigo, un apaixonante frechazo.

🏆 **Mellor Actriz Venecia 2023**

Retrospectiva Yasujiro Ozu



AS IRMÁS MUNEKATA

PASES ÚNICOS 9-10 E 13 FEB

Yasujiro Ozu, 112', XAP, VOSE, 1950

Con Hideko Takamine, Kinuyo Tanaka

As irmás MuneKata rexentan un pequeno bar. Pese a ter medrado xuntas son moi distintas. Setsuko viste kimono tradicional e casou nova cun home triste e bebedor; Mariko viste ao estilo occidental e goza dos pequenos praceres da vida. O abismo entre elas desaparece coa chegada de Hiroshi.



A HERBA ERRANTE

PASE ÚNICO 20 FEB

Yasujiro Ozu, 119', XAP, VOSE, 1959

Con Ganjirô Nakamura, Machiko Kyô

Un grupo de actores ambulantes vai parar a unha pequena poboación costeira. Alí o actor principal reencóntrase cunha antiga amante e cun fillo ilexítimo.



O OUTONO DA FAMILIA KOHAYAGAWA

PASE ÚNICO 27 FEB

Yasujiro Ozu, 103', XAP, VOSE, 1961

Con Ganjiro Nakamura, Setsuko Hara

A familia Kohayagawa prepárase para casar a Noriko, namentres que a súa irmá Akiko, viúva e con dous fillos, recibe unha proposta de matrimonio dun home cunha boa posición. O vello patriarca Banpei decide ir visitar unha antiga amante.

Foco Yorgos Lanthimos



i Presenta a traballadora de NUMAX Dimitra Panagiota Michalopoulou



CANINO PASE ÚNICO 1 FEB

Yorgos Lanthimos, 94', GRE, VOSE, +18, 2009

Con Christos Stergioglou, Michelle Valley

Un matrimonio con tres fillos vive nunha mansión nas aforas dunha cidade. Os rapaces, que nunca saíron de casa, son educados segundo os métodos que seus pais xulgan máis atinados e sen recibiren ningunha influencia do exterior

🏆 **Mellor Filme** Un certain Regard Cannes 2009

ALPS

PASE ÚNICO 15 FEB

Yorgos Lanthimos, 89', GRE, VOSE, +16, 2011

Con Aris Servetilis, Johnny Vekris

Unha enfermeira que traballa polas noites nun hospital ocúpase de atender as necesidades das familias que perderon os seus seres queridos. Fai parte dun grupo chamado Alps, cuxos membros ofrecen, a cambio de diñeiro, reemprazar os mortos na vida diaria desas familias.

🏆 **Mellor Guión** Venecia 2011

LAGOSTA PASE ÚNICO 22 FEB

Yorgos Lanthimos, 118', GRE, VOSE, +16, 2015

Con Colin Farrell, Rachel Weisz

Nun futuro próximo os solteiros son detidos e trasladados ao Hotel. Alí obríganos a encontrar parella nun prazo máximo de corenta e cinco días. Se non o conseguen, son transformados nun animal da súa elección e soltados no Bosque.

🏆 **Premio do Xurado** Cannes 2015

Foco Todd Haynes




CAROL PASE ÚNICO 29 FEB

Todd Haynes, 118', ING, VOSE, +12, 2015

Con Cate Blanchett, Rooney Mara

Nova York, anos 50. Therese Belivet é unha moza dependenta dunha tenda de Manhattan que soña cunha vida mellor cando un día coñece a Carol Aird. Entre elas xorde unha conexión inmedia-

Petís Numax



O GATO TABBY E OUTRAS HISTORIAS FELINAS

PASES ÚNICOS 24-25 FEB

VV.AA., 50', VE, +3

No corazón de Londres, Tabby, un gato cantante, e o seu amigo Fred, cativan o público coas súas actuacións a dúo. A súa ledicia enche as rúas da cidade até que, de xeito inesperado, se separan. Tabby emprende unha intensa busca chea de emoción, diversión e moitos gatiños e gatiñas!

Os Ollos Verdes



i Presentación e coloquio co director

LAST TIERRAS DEL CIELO

PASE ÚNICO 10 FEB

Pablo García Canga, 83', ESP, VO

Con Luis Moreno, Paula Ruiz

Unha noite. Unha cidade. Cinco conversas. Nove personaxes. Contan historias persoais ou inventadas e contan, tamén, a historia dun vello filme xaponés.

🎧 Latexos Novos Cinemas 2023

NEGU HURBILAK

ESTREA 26 FEB

Colectivo Negu, 90', EUS, VOSE, +12

Con Jone Laspiur

No 2011 o prolongado conflito vasco semella chegar á súa fin. Unha moza foxe cun claro obxectivo: cruzar a fronteira. No medio da súa fuxida chega a Zubieta, unha vila fronteiriza onde antigos mitos e conflitos modernos parecen converxer.

🎧 Mención Especial Locarno 2023

Pase especial



i Presentan David Salgado e Javier Trigales, coautores do libro colectivo *Un viaje por el cine fantástico y de terror. Vol 1*

O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI

PASE ÚNICO 6 FEB

Robert Wiene, 77', DE, VOSE, 1920

Con Werner Krauss, Conrad Veidt

Francis anima o seu compañeiro Alan a que vaian a Holstenwall, unha cidade do norte de Alemaña, a ver o espectáculo ambulante do doutor Caligari. Un empregado municipal que lle nega ao doutor o permiso para actuar aparece asasinado ao día seguinte.

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**